



Xerencia

UNIVERSIDADE DA CORUÑA



1989  
2014



UNIVERSIDADE  
DA CORUÑA

**RESOLUCIÓN REITORAL DO 18 DE MARZO DE 2015 POLA QUE SE DETERMINAN OS SERVIZOS MÍNIMOS NA UDC DURANTE A FOLGA CONVOCADA PARA O DÍA 24 MARZO DE 2015 NAS UNIVERSIDADES GALEGAS.**

Por parte de CIG-Ensiño, CCOO-Ensiño, FETE-UGT e CSI-F presentouse con data 12 de marzo de 2015 perante a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria escrito polo que trasladan a decisión de convocar folga nas tres Universidades públicas galegas para todo o persoal docente e non docente, polos motivos que expoñen, durante o día 24 de marzo, iniciándose ás 00:00 horas e rematando ás 24:00 da mencionada data. Pola súa parte, a Xunta de Persoal e o Comité de Empresa de PAS da UDC comunicaron con data 11 de marzo de 2015 o acordo de convocatoria de folga de todo o persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña o día 24 de marzo indicado.

Con data 16 de marzo actual, a Secretaría Xeral de Universidades comunica ás xerencias das tres Universidades que por afectar exclusivamente á folga convocada ao ámbito universitario son as propias Universidades as que teñen a competencia de regular os servizos mínimos e darlle a publicidade que proceda.

Por iso, con data 17 de marzo a Xerencia da UDC tivo unha reunión cos Sindicatos asinantes da convocatoria de folga máis co comité de folga de PAS da UDC para tratar a determinación dos servizos mínimos a establecer durante a xornada de folga do 24 de marzo de 2015, sen que se acadase acordo ao respecto.

A necesaría conciliación entre o dereito constitucional de folga e o mantemento dos servizos esenciais, conforme ás disposicións previstas no Real Decreto-Lei 17/1977, do 4 marzo, determinan a necesidade de establecer os mesmos servizos mínimos que os acordados en anteriores convocatorias de folga no ámbito do ensino (9 de maio e 24 de outubro de 2013), garantindo así a prestación dos servizos imprescindibles que permitan a apertura e o acceso aos centros da UDC, a asistencia ao traballo do persoal que non se sume á folga así como a preparación e realización de probas de avaliación polo alumnado dos diferentes ciclos.

**Polo exposto, RESÓLVESE:**

1.- Terán a consideración de servizos mínimos para o persoal dependente da Universidade da Coruña os seguintes:

- 1 empregado/a da área de conserxaría por quenda de traballo en cada facultade, escola, centro de investigación e demais centros administrativos.
  - 1 funcionario/a no rexistro oficial da cada campus.
  - 1 empregado/a do persoal de secretaría do reitor e da vicerreitoría do campus de Ferrol.
- 2.- Polos responsables de cada un dos centros sinalados se comunicará á Xerencia da UDC antes das 10 horas do vindeiro luns 23 de marzo a proposta de persoal a designar para a realización dos anteriores servizos mínimos.

3.- Publíquese a presente resolución no taboleiro electrónico da UDC para xeral coñecemento e aplicación.

A Coruña, 18 de marzo de 2015.

O Reitor,

Xosé Luis Armesto Barbeito

